

## OS ESTUDIOS EMPÍRICOS SOBRE A SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO GALEGO

ANA IGLESIAS ÁLVAREZ  
Universidade de Santiago de Compostela

### *Introducción*

No século XX, paralelamente á modernización do país, acentúase o proceso de substitución lingüística do galego polo español. A industrialización dos principais núcleos urbanos e o éxodo rural, a xeneralización do ensino obrigatorio (en español), os medios de comunicación de masas, etc. son os instrumentos que a política asimilacionista necesitaba para estender o español a tódalas clases sociais, e non só ás elites e clases acomodadas. Pero tamén neste século comezan as primeiras accións organizadas reivindicando a lingua propia, movemento que queda interrompido polo franquismo e que non se reiniciará ata os anos 60 e 70, xa na fin da dictadura. Precisamente nesta época e non de xeito casual saen á luz os primeiros estudos sobre a situación social do galego. A reflexión sociolingüística comeza en Galicia a finais dos anos 60, da man de estudiosos como Piñeiro López (1967) ou Alonso Montero (1968), pero para atopar as primeiras investigacións que manexan datos empíricos hai que esperar, como veremos, á década dos 70, realizándose de xeito sistemático só a partir da transición democrática. Neste tipo de estudos entran en relación dúas disciplinas de creación recente: a Sociolingüística e a Planificación Lingüística (en concreto a planificación do status ou planificación social)<sup>1</sup>. En palabras de Fernández Pérez (1994: 75-76):

Ahora la pretensión de rigor y de cierto grado de objetividad en la adaptación, reforma, etc. de las lenguas exige conocimiento sobre los

---

<sup>1</sup> Atopamos os fundamentos de ambas disciplinas nos anos 50 (da Sociolingüística, Haugen, 1953 e Weinrich, 1953; e da Planificación, Haugen, 1959), aínda que non se consolidan ata a década dos 60. Véxase o artigo de Fernández Rodríguez (1996) no referente á Sociolingüística, e o de Fernández Pérez (1994) para a Planificación Lingüística.

factores y las coordenadas sociales que las envuelven, de modo que el desarrollo de la *Sociolingüística* en la vertiente de actitudes, comportamientos y creencias de los hablantes hacia la lengua (el área de la denominada *Sociología del lenguaje*) se hace inevitable. La *Planificación* es, así, un campo que surge con anterioridad o a la par que el de la *Sociolingüística*.

O noso obxectivo é repasar os estudos publicados ata hoxe sobre o galego nesta liña de investigación, a Socioloxía da linguaxe, o que nos proporcionará información desde dúas perspectivas distintas. En primeiro lugar, ofreceranos datos sobre a recente evolución histórica da nosa lingua (competencia, usos e actitudes), desde os últimos anos da dictadura ata os nosos días, período de grandes cambios non só económicos, sociais e políticos, senón tamén sociolingüísticos. Ademais, a través destes estudos comprobaremos as características da planificación lingüística levada a cabo na nosa Comunidade, así como os niveis de éxito ou fracaso acadados, xa que se estas investigacións constitúen o primeiro paso de calquera proxecto de planificación, resultan tamén imprescindibles na etapa final do mesmo, á hora de avaliar os seus resultados unha vez aplicado.

En definitiva, serán obxecto desta revisión bibliográfica os traballos publicados ata o momento sobre a situación social da lingua galega, sempre que afronten o tema desde unha perspectiva empírica, é dicir, sempre que o seu punto de partida sexa a realización dun traballo de campo propio. Presentarémolos por orde cronolóxica, distinguindo varias etapas, e analizando por unha parte as súas achegas no referente á metodoloxía, e pola outra as súas conclusións máis relevantes, conclusións que, sen lugar a dúbidas, contribuíron á creación do discurso sociolingüístico deste último cuarto do século XX.

## *1. Etapas*

Antes de pasar a comentar os trazos máis relevantes que caracterizan as investigacións das diferentes etapas, recollémolas a modo de esquema co fin de ofrecer unha visión global. Presentamos, ademais do ano de publicación de cada obra e os seus autores, o título, así como o grupo de poboación obxecto de estudio, datos que nos orientan xa sobre o ámbito do que se ocupa cada investigación e nalgúns casos mesmo do seu enfoque<sup>2</sup>. A referencia completa de tódalas obras citadas

---

<sup>2</sup> Con respecto á data de publicación, debemos especificar que polo xeral non coincide coa do traballo de campo, realizado na maioría dos casos un ou dous anos antes.

pode consultarse na bibliografía que facilitamos ó final deste traballo. Os criterios que seguimos na periodización son de tipo metodolóxico, histórico e político. Escollemos como data límite entre a primeira e a segunda etapas o ano 1978, no que se aproba a Constitución Española aínda vixente hoxe. Como veremos, esta data clave da nosa historia recente terá tamén importantes repercusións na Socioloxía da linguaxe e a Planificación Lingüística desenvolvidas en Galicia. A segunda e cuarta etapas distinguímolos en función dunha serie de investigacións macrocuantitativas que constitúen por si mesmas a terceira etapa e entre as que destaca o Mapa Sociolingüístico de Galicia, que supón un antes e un despois neste tipo de estudos. A continuación comentaremos máis polo miúdo as características comúns a cada etapa.

### Primeira etapa: os anos 70

ANO	AUTORES	TÍTULO	POBOACIÓN OBXECTO DE ESTUDIO
1970	FOESSA	<i>La comunidad regional</i>	Amas de casa (ámbito estatal)
1974	Ayestarán e De la Cueva	<i>Un análisis sociológico de la galleguidad y del conflicto lingüístico gallego</i>	Amas de casa da provincia de Pontevedra e a comarca da ría de Arousa
1977	Ruiz Fuentes e Pérez Vilariño	<i>Lengua y cultura gallegas, La educación en Galicia</i>	Individuos maiores de 15 anos residentes en cidades con máis de 2.000 habitantes
1977	Del Campo e outros	<i>Galicia</i>	Individuos maiores de 18 anos (ámbito estatal)
1977	Casillo e Pérez Vilariño	<i>La lengua y la enseñanza primaria</i>	Mestres e alumnos de E.X.B. e as súas familias

## Segunda etapa: de 1978 a 1992

ANO	AUTORES	TÍTULO	POBOACIÓN OBXECTO DE ESTUDIO
1979	Rojo	<i>Aproximación a las actitudes lingüísticas del profesorado de E.G.B. en Galicia</i>	Profesores de E.X.B. do ensino público.
1986	Monteagudo e outros	<i>Aspectos sociolingüísticos do bilingüismo en Galicia segundo os alumnos da 2ª etapa de EXB</i>	Alumnos da 2ª etapa de E.X.B. de centros públicos e privados
1987	Rubal e Rodríguez Neira	<i>O galego no ensino público non universitario</i>	Profesores e alumnos de E.X.B., B.U.P. e F.P. de centros públicos
1988	Rodríguez Neira e López Martínez	<i>O galego na Universidade</i>	Profesores, alumnos e PAS da Universidade de Santiago
1989	López Muñoz	<i>O idioma da Igrexa en Galicia</i>	Párrocos e seminaristas
1992a	Rubal e outros	<i>Aproximación á situación da lingua no ensino non universitario (preescolar e E.X.B.)</i>	Profesores e alumnos de preescolar e E.X.B. de centros públicos e privados
1992b	Rubal e outros	<i>A lingua do alumnado e profesorado nas franxas occidentais de Asturias, León e Zamora</i>	Profesores e alumnos de E.X.B., B.U.P. e F.P. de centros públicos e privados (galego exterior)

## Terceira etapa: os estudos macrocuantitativos

ANO	AUTORES	TÍTULO	POBOACIÓN OBXECTO DE ESTUDIO
1992	IGE	<i>Censo de Poboación e vivendas 1991. Coñecemento e uso do idioma galego</i>	Individuos maiores de 18 anos
1993	Seminario de Sociolingüística	<i>Estudio sociolingüístico da comarca ferrolá: fase previa ó Mapa Sociolingüístico de Galicia</i>	Individuos maiores de 16 anos da bisbarra de Ferrol (enquisa piloto)
1994	CIS	<i>Conocimiento y uso de las lenguas en España</i>	Individuos de 18 anos e máis (ámbito estatal)
1994	Seminario de Sociolingüística	<i>Lingua Inicial e Competencia Lingüística en Galicia</i>	Individuos maiores de 15 anos
1995	Seminario de Sociolingüística	<i>Usos Lingüísticos en Galicia</i>	Individuos maiores de 15 anos
1996	Seminario de Sociolingüística	<i>Actitudes Lingüísticas en Galicia</i>	Individuos maiores de 15 anos

1996	Comisión Europea	<i>Euromosaic. Producción y reproducción de los grupos lingüísticos minoritarios de la UE</i>	Grupos lingüísticos minoritarios da UE, incluído o galego
------	------------------	---	---

### Cuarta etapa: do MSG a hoxe

ANO	AUTORES	TÍTULO	POBOACIÓN OBXECTO DE ESTUDIO
1997	Lorenzo Suárez e outros	<i>Estudio sociolingüístico da Universidade de Vigo</i>	Profesores, estudantes e PAS da Univ. de Vigo
1997	Ramallo e Rei Doval	<i>Vender en galego. Comunicación, empresa e lingua en Galicia</i>	Individuos entre os 18 e 65 anos / Axentes empresariais
1997	Bouzada e Lorenzo Suárez	<i>O futuro da lingua. Elementos sociolingüísticos para un achegamento prospectivo da lingua galega</i>	Empresas galegas / Actores implicados nos ámbitos locais e socioeconómicos
1998	Vaamonde Liste e outros	<i>Estudio sociolingüístico sobre a situación da lingua galega no Concello de Vigo</i>	Individuos de 15 anos e máis residentes no Concello de Vigo
1998	Rodríguez Neira (coord.)	<i>O idioma na Universidade de Santiago de Compostela</i>	Profesores, estudantes e PAS da Univ. de Santiago

#### 1.1. Primeira etapa: os anos 70

O informe Foessa (1970), elaborado baixo a dirección do sociólogo Amando de Miguel, é a primeira investigación que nos ofrece datos sobre o número de falantes, a competencia nas catro destrezas e os ámbitos de uso das distintas linguas minorizadas do Estado -denominadas nesta época “linguas rexionais”-, así como sobre as actitudes cara ás mesmas. Segundo a súa propia valoración, trátase de “datos muy interesantes, hasta ahora totalmente sin precedentes en nuestro país” (Foessa, 1970: 1264). Os restantes estudos desta primeira etapa están realizados tamén por sociólogos, coincidindo ademais en que non se dedican integramente á cuestión da lingua. Na maioría deles o interese polas linguas minorizadas responde ó estudio da conciencia rexional. A importancia que daquela tiña este tema e que dá lugar á aparición dos primeiros traballos empíricos sobre a situación sociolingüística en España, non se pode entender sen ter en conta o contexto político do momento: os últimos anos da dictadura e a transición democrática. Este contexto favorece unha posible descentralización, para a cal resulta básico coñecer as actitudes rexionalistas dos individuos, acaparando a máxima atención, neste sentido, aquelas “rexións” denominadas hoxe *Comunidades Históricas*, que son a fin de contas as que posúen un idioma propio distinto do español e ás

que se lles atribúe unha maior conciencia rexional (Foessa, 1970: 1263)<sup>3</sup>.

Pero o ton político destes primeiros estudos acentúase de xeito especial nas tres investigacións inmediatamente posteriores á morte de Franco (1975), publicadas xa polo tanto na época da transición cara á democracia. En *Vivir en Galicia*, Ruiz Fuentes e Pérez Vilariño (1977), desde un posicionamento definido por eles mesmos como “galleguista”, critican o centralismo e a marxinação socioeconómica de Galicia, proponendo como solución a “Autonomía rexional administrativa e política” e presentando o dominio lingüístico do español sobre o galego, exercido a través da escola, como un dos instrumentos de “colonización”. De aí que dediquen dous capítulos do seu libro ó tema da lingua: “Lengua y cultura gallegas” e “La educación en Galicia”.

Del Campo e outros (1977), en *La cuestión regional española*, estudian as opinións e actitudes políticas dos españois maiores de 18 anos, facendo especial fincapé, como o propio título indica, nas referidas á cuestión rexional, e por isto mesmo centrándose nas “rexións” consideradas máis susceptibles de reivindicar a descentralización, ás que se aplica un conxunto de preguntas específicas<sup>4</sup>.

Por último, *La Reforma educativa y el cambio social en Galicia* (Castillo e Pérez Vilariño, 1977) pecha este grupo de estudos de marcado carácter sociolóxico. Esta investigación, publicada polo ICE (Instituto de Ciencias da Educación), é a primeira que se ocupa da situación do galego e o español desde un punto de vista exclusivamente educativo, tema ó que dedica o capítulo VII, “La lengua y la enseñanza primaria”, e que como veremos vai adquirir unha gran importancia na seguinte etapa.

## 1.2. Segunda etapa: de 1978 a 1992

Na segunda etapa atopamos xa lingüistas, filólogos, etc. entre os autores deste tipo de investigacións, reservadas nun principio, como acabamos de ver, ós sociólogos. Ademais as obras céntranse exclusiva e integramente no estudio da situación sociolingüística. Tralos precedentes dos anos 70, esta etapa constitúe a consolidación da liña de investigación que nos ocupa, como demostra a abundancia de

---

<sup>3</sup> O informe Foessa considera, ademais de Galicia, “Cataluña, País Vasco, Navarra, País Valenciano e Baleares”, deixando fóra “rexións” como Asturias ou Aragón, onde de feito os idiomas autóctonos teñen moi pouca forza.

<sup>4</sup> Trátase de “Cataluña, País Vasco, Región Valenciana, Galicia e Canarias”. En relación co informe Foessa (1970), o outro estudio desta etapa que abrangue todo o Estado, Del Campo e outros (1977) non teñen en conta Navarra nin Baleares.

monografías, artigos e teses de licenciatura e doutoramento. De feito, o aparente baleiro que atopamos de 1979 a 1986 cómpre matizalo, pois nestes anos, aínda que non se publican monografías, preséntanse varias teses de licenciatura e doutoramento sobre o tema: Noia Campos, 1980; Fernández Rodríguez, 1984; Lorenzo Creo, 1984; Rodríguez Neira, 1985; Rubal Rodríguez, 1985 e Varela Caruncho, 1986. Ademais, sae á luz unha importante cantidade de artigos, en moitos casos extraídos destas mesmas teses e que se poden consultar en revistas especializadas como *Verba* ou *Cadernos de Lingua* (véxase o cap. 4, apartado 4.2.3., da *Guía Bibliográfica de Lingüística Galega* (ILGA, 1996), titulado “Usos e actitudes lingüísticas”).

Desde un punto de vista histórico e político, o primeiro estudio -Rojo, 1979- sitúase nun momento de transición, pois publícase trala aprobación en 1978 da Constitución Española, pero antes do Estatuto de Autonomía (1981) e a Lei de Normalización Lingüística (1983). A promulgación destas leis provoca que se preste unha especial atención ós problemas de Planificación Lingüística. A Constitución reconece como linguas oficiais non só a española, senón tamén tódalas demais nas súas respectivas Comunidades Autónomas (art. 3), e aínda que se trata dunha cooficialidade disimétrica, como xa se ten denunciado reiteradamente, inaugura unha nova época para as linguas minorizadas de España, proporcionándolles un apoio legal que se complementará cos Estatutos de Autonomía e as Leis de Normalización Lingüística<sup>5</sup>. Neste ambiente favorable as novas investigacións responden, como explica Rojo (1979: 5), á “urgente necesidad de actuar de forma consciente y efectiva sobre la realidad lingüística gallega (esto es, de hacer una planificación lingüística responsable)”, para o que resulta imprescindible coñecer a situación da que se parte e sobre a que se quere actuar. Esta planificación vaise orientar principalmente ó ámbito do ensino, axente de socialización que se converterá polo tanto no obxecto de estudio de tódolos traballos desta etapa, coa única excepción do de López Muñoz (1989). Dado que a escola foi un dos elementos castelanizantes máis importantes do século XX, considérase que será tamén o medio máis eficaz para reverter o proceso, isto é, recuperar o uso e o prestixio da lingua propia. En palabras de Rojo (1979: 15):

---

<sup>5</sup> Mentres se proclama o deber e o dereito de coñecer o español (art. 3.1. da Constitución), con respecto ó galego só se admite o dereito (art. 5.2. do Estatuto de Autonomía de Galicia). De feito, declarouse inconstitucional o artigo da LNL que establecía o mesmo deber para a lingua propia da nosa Comunidade.

No tengo la menor duda de que el sistema educativo y su realización van a jugar en ella [unha planificación lingüística en Galicia] un papel decisivo. De hecho, la escuela ha sido hasta ahora el instrumento más claro de una determinada política lingüística (...) Los profesores de E.G.B. son los que tendrán a su cargo el desarrollo de esa planificación.

En consecuencia, serán os profesores do ensino público de E.X.B. a poboación escollida neste primeiro estudio da segunda etapa. As demais investigacións, como podemos comprobar no esquema xa exposto, continúan nesta liña, proporcionando datos tamén sobre os alumnos e abranguendo en conxunto tódolos niveis educativos<sup>6</sup>.

A partir da investigación de Monteagudo e outros (1986) e sobre todo das seguintes, non só se estudiará a realidade sociolingüística co obxectivo dunha planificación futura, senón que se comezarán a avaliar os resultados acadados, posto que as leis que promulgan a normalización do galego xa levan en vigor daquela unha cantidade suficiente de tempo<sup>7</sup>. Recorremos ás palabras de Rubal (1992a: 23-24) para resumir os obxectivos desta serie de estudos sobre o ensino:

- Obter unha información obxectiva e precisa sobre a situación actual do proceso normalizador no ámbito escolar, especialmente no seu aspecto nuclear, o que se refire á lingua vehicular do ensino.
- Conseguir evidencias referenciais sobre o nivel de logro acadado ó abeiro da política despregada.
- Ofrecer á sociedade galega no seu conxunto, e particularmente ó profesorado e ós planificadores do ámbito en cuestión, bases empíricas e obxectivas para unha fundada actuación ó respecto.

Cómpre destacar a relevancia que este autor concede á extensión do ensino *en* galego, criticando o feito de que “no noso país aínda se atopa estendida dabondo a crenza de que o ensino da asignatura de galego é parte substantiva, se non a principal, do proceso normalizador” (Rubal, 1992: 19). De feito, a lei que regula o uso do galego na escola (D.O.G. 16/3/88) só establece de xeito obrigatorio a súa presenza como lingua

---

<sup>6</sup> Como motivo adicional da elección do ensino como ámbito de estudio, non podemos esquecer a facilidade metodolóxica que implica a concentración de tódolos informantes nun mesmo lugar, como ocorre tanto cos profesores coma cos alumnos. Repárese en que tódalas teses lidas nesta etapa se ocupan tamén, de xeito exclusivo e insistente, deste ámbito.

<sup>7</sup> De tódolos xeitos, a LNL de Galicia carece dunha periodización que sinale as datas concretas nas que as determinadas normas deben estar implantadas, o que constitúe unha das súas principais limitacións (Cores Trasmonte, 1987: 93).



vehicular en dúas materias por curso nos niveis de E.X.B., B.U.P. e C.O.U. (á parte por suposto das áreas de Lingua e Literatura galegas)<sup>8</sup>.

Xa para finalizar, temos que destacar o importante labor do Consello da Cultura Galega, que a través da súa Ponencia de Lingua se encargou de financiar e publicar tódalas investigacións desta etapa a partir de 1987, agás a de Rubal e outros (1992a). Esta institución constituirá tamén a vía de publicación de dous dos estudos da última etapa: Ramallo e Rei Doval, 1997 e Bouzada e Lorenzo Suárez, 1997. A Xunta pola súa parte é responsable tan só da edición dos estudos de Rubal e outros (1992a) e mais Monteagudo e outros (1986).

### *1.3. Terceira etapa: os estudos macrocuantitativos*

Un dos aspectos máis salientables dos traballos desta terceira etapa é que por primeira vez o obxecto de interese pasa a ser a situación global da lingua galega, superando os enfoques máis restrictivos da etapa anterior. En palabras de Monteagudo e Santamarina (1993: 126-127):

States which deny the rights of a minority begin by not acknowledging its existence. Thus, the official population censuses carried out in Spain never collected data about Galician. This explains why all the quantitative data we shall cite throughout this study are based on random samples, and not on an exhaustive linguistic census, which is absolutely necessary for appropriate language planning.

Hoxe en día podemos dicir que esta situación se superou totalmente, en primeiro lugar porque en Galicia se inclúen preguntas lingüísticas nos censos desde 1991 (IGE, 1992)<sup>9</sup>; pero sobre todo porque contamos cunha investigación cuantitativa que, tanto polo tamaño da mostra coma polos temas e ámbitos estudados, non ten equivalente en España nin no resto de Europa: O Mapa Sociolingüístico de Galicia (MSG), elaborado polo Seminario de Sociolingüística da Real

---

<sup>8</sup> En 1995 adáptase esta lexislación á nova ordenación do sistema educativo (L.O.X.S.E.), pero sen que isto supoña un avance no que respecta ó número de materias impartidas *en galego*.

<sup>9</sup> Aínda que Galicia foi a última Comunidade en interesarse por estas cuestións (outras Comunidades como o País Vasco, Valencia ou Cataluña comezan xa dez anos antes), é a que o fai de forma máis completa, pois pregunta polo coñecemento (as catro destrezas, anque sen distinguir o grao), o nivel de uso (sempre / ás veces / nunca) e os ámbitos de uso (familiar / escolar / laboral). Aínda así, os datos sociolingüísticos dos Censos son demasiado xenéricos, debido a que as preguntas teñen que ser necesariamente breves. Precisamente por este motivo non poden incluír cuestións actitudinais.

Academia Galega (1993, 1994, 1995 e 1996)<sup>10</sup>. Bouzada e Lorenzo Suárez, coincidindo con Monteagudo e Santamarina, fan referencia tamén ó baleiro de datos fiables existente en Galicia ata a realización do MSG. Nas súas palabras:

A ausencia dun traballo amplo e rigoroso provocaba a carencia dun perfil cuantificable e territorialmente definido do coñecemento, uso e actitudes sobre a lingua galega. Ademais, a ausencia de concreción cuantitativa fornecía o mantemento de intuicións máis ou menos compartidas, alentaba a defensa de optimismos rebordantes sobre a ampliación da presenza social do galego froito do proceso normalizador, e, noutros casos, obrigaba á formulación de pesimismo igualmente rebordantes... (Bouzada e Lorenzo Suárez, 1977: 18).

Nesta etapa dispoñemos tamén de dous estudos especialmente interesantes na medida en que nos permiten comparar diversas situacións sociolingüísticas de España e Europa: o realizado polo Centro de Investigaciones Sociológicas (CIS, 1994), e o levado a cabo pola Comisión Europea (Euromosaic, 1996)<sup>11</sup>. No primeiro caso estúdanse tódalas linguas cooficiais das Comunidades Autónomas bilingües, en concreto Cataluña, Valencia, I. Baleares, Galicia, País Vasco e Navarra, as mesmas que tiña en conta o informe Foessa (1970), quedando de novo á marxe o asturiano, o aranés e a situación lingüística de Aragón (CIS, 1994: 9). Esta investigación ten como obxectivo dar a coñecer o impacto das políticas lingüísticas dos distintos gobernos comunitarios, desde a aprobación das súas respectivas leis de normalización lingüística. Pola súa parte, Euromosaic (s1996) ofrécenos información sobre 48 grupos lingüísticos minoritarios de Europa, aínda que nunha primeira fase, que é a que recolle o informe publicado, as enquisas de uso só se aplicaron a oito destes grupos: bretón, catalán en Aragón, galés, gaélico, sorbio, sardo, ladino e galego. Ademais, neste

---

<sup>10</sup> Os autores do MSG (1993, 1994, 1995 e 1996) son Manuel Fernández Ferreiro, Fernando Fernández Ramallo, Mauro Fernández Rodríguez, Montserrat Recalde Fernández, Gabriel Rei Doval e Modesto A. Rodríguez Neira. Nos volumes de *Usos e Actitudes* participou tamén Lucía Domínguez Seco. Á parte destas monografías, atopamos diversos artigos que analizan os datos do MSG desde unha perspectiva máis concreta, por exemplo: Fernández Rodríguez, 1993; Ramallo, 1996 e 1999 ou Fernández Rodríguez e Rodríguez Neira, 1998. Trala publicación do volume sobre actitudes en 1996 o Seminario de Sociolingüística non sacou á luz ningún outro estudo. Descoñécese se está a traballar en novos proxectos, así como as causas desta falta de produción.

<sup>11</sup> O encargado de redactar o informe que avanza os primeiros resultados da investigación do CIS (1994) é o profesor Miguel Siguán. No que respecta a Euromosaic (1996), os responsables da súa redacción son Peter Nelde, Miquel Strubell e Glyn Williams.

documento de traballo só se presentan as conclusións máis relevantes, dado que por razóns de espacio non puido realizarse unha análise estatística detallada de cada un dos informes destes oito grupos (Euromosaic, 1996: 21)<sup>12</sup>. Esta investigación responde á necesidade de reflexionar sobre a nova estruturación económica e política da UE e a súa relación cos grupos lingüísticos minoritarios. Tal como se pode ler no informe, preténdese analizar

la medida en que las distintas lenguas disponen de los componentes sociales, culturales y organizativos que pueden garantizar una función productiva y reproductiva ante un eventual proceso de reestructuración económica acelerada (...). La lengua es un elemento central de la diversidad y si la diversidad es la piedra angular de un desarrollo innovador, se debe velar por conservar el acervo de diversidad existente en la UE (Euromosaic, 1996: Resumen Ejecutivo).

Por último, nesta terceira etapa hai que incluír a lectura dunha tese de licenciatura (Recalde, 1993) e outra de doutoramento (Lameiras, 1994), non publicadas integramente pero si de xeito parcial en forma de artigos (Recalde, 1994 e 1995; Lameiras e González, 1996a e b).

#### *1.4. Cuarta etapa: do MSG a hoxe*

A cuarta e última etapa está constituída por tódolos traballos publicados ata o momento con posterioridade ó MSG. Saíron á luz cinco investigacións en só dous anos, o que dá conta do dinamismo que caracteriza nos últimos tempos este campo disciplinar.

Cómpre distinguir entre dous tipos de estudos. Por unha parte, dúas investigacións -Lorenzo Suárez e outros, 1997 e Rodríguez Neira (coord.)<sup>13</sup>, 1998- sobre as Universidades de Vigo e Santiago respectivamente, que continúan na liña da segunda etapa, sen abandonar o ámbito do ensino. No caso da Universidade de Vigo, desde a súa creación en 1991 resultaba imprescindible unha análise da situación do galego nos seus tres campus (Ourense, Pontevedra e Vigo), a pesar do cal houbo que esperar oito anos para que se levase a

---

<sup>12</sup> A información do resto dos grupos procede de tres tipos de cuestionario: un cumprimentado por distintos organismos oficiais dos Estados membros, e outros dous por un correspondente de cada grupo lingüístico (investigadores de diferentes universidades), así como por un conxunto de “testemuñas clave” (expertos nos distintos campos). Polo tanto, neste caso trátase dunha análise de tipo cualitativo non avalada estatisticamente (Euromosaic, 1996: 21).

<sup>13</sup> Os autores desta obra son: Maricarme García Ares, Manuel C. Núñez Singala, Modesto Rodríguez Neira e Begoña Varela Vázquez.

cabo<sup>14</sup>. Con respecto á de Santiago, trátase da segunda investigación que se centra nesta Universidade, cando pasaron xa dez anos desde a realización da primeira (Rodríguez Neira e López Martínez, 1988). Este período de tempo, suficientemente amplo, esixía unha actualización dos datos e unha nova análise que reflectise os avances acadados desde entón, xa que cómpre facer un seguimento do proceso de normalización a través dos anos.

Por outra parte, temos tres estudos que xorden a raíz da publicación do MSG e que reflecten a súa influencia, constituíndo esta obra o seu punto de partida. En primeiro lugar, dúas investigacións que poñen de relevo o cambio de tendencia que comeza a reivindicarse en Galicia con respecto á Planificación Lingüística. Como xa vimos, desde o estudio de Rojo (1979) ata este momento tódalas esperanzas normalizadoras concentrábanse no ensino e, en consecuencia, os estudos encamiñados a coñecer e avaliar a situación social do galego ocupábanse tamén deste ámbito. Pero co paso do tempo estas mesmas investigacións demostraron o fracaso da escola para recuperar o uso da lingua propia, que foi confirmado xa de xeito incontestable polo MSG. Non podemos esquecer que a presenza do galego como lingua vehicular no ensino é aínda hoxe moi minoritaria (só nunhas poucas materias), incumpríndose mesmo nalgúns casos os mínimos legais establecidos. Deste xeito, non temos programas de mantemento para os alumnos galegofalantes, senón de submersión, e tampouco programas de inmersión para os falantes de español. Ademais, como sinala Baker (1998: 192):

Even when a child successfully learns minority language oracy and literacy skills in school, unless there is considerable support in the community and the economy outside school, that language may wither and die. A classroom-learnt second language may become a school-only language<sup>15</sup>.

En definitiva, nas sociedades actuais, á hora de reverter o proceso de substitución dunha lingua cómpre ter en conta, ademais do sistema educativo, os novos instrumentos de influencia que nos ofrecen o progreso e a modernización: os medios de comunicación -tanto escritos (xornais e revistas), como audiovisuais (radio e televisión)-, o

---

<sup>14</sup> Contamos cun estudio previo -Luaces Pazos e outros, 1992- que non incluímos aquí porque non se chegou a publicar.

<sup>15</sup> Na mesma liña, Lambert (1981: 173) afirma: “creemos, no obstante, que la escuela por sí sola no es capaz de facilitar experiencias lo suficientemente variadas para la adquisición de la fluidez verbal propia de un nativo”.

gobierno e a administración pública e, por suposto, as empresas e o comercio (Siguán e Mackey, 1986: 47-48).

En Galicia os primeiros traballos que se fan eco destas importantes transformacións son o de Bouzada e Lorenzo Suárez (1997) e o de Ramallo e Rei Doval (1997), dedicados ós ámbitos empresarial e comercial<sup>16</sup>. É de esperar que estas dúas investigacións sirvan de punto de partida dunha nova etapa na Sociolingüística e Planificación Lingüística galegas, na que se amplíen as expectativas de normalización da nosa lingua. Precisamente, unha das críticas máis recentes á LNL (Monteagudo, 1997) destaca a súa falta de atención á situación do galego no ámbito económico-laboral.

Para finalizar, o estudo sobre o Concello de Vigo (Vaamonde Liste e outros, 1998) responde, segundo os seus autores, á demanda de:

realizar con certa periodicidade, por exemplo cada cinco anos, un estudio en profundidade, (...) que polo tanto permita medir con precisión os cambios producidos, tanto pola propia evolución natural da fala coma por efecto das políticas de promoción do uso da lingua galega. (Vaamonde, 1998: 7).

Aínda así, nesta análise quizais fose máis práctico e menos custoso recorrer á inmensa base de datos do MSG, datos aínda bastante recentes e que en moitos casos, coma nos referidos ó Concello de Vigo, están sen explotar (por falta de espazo, no MSG só se publicou a información referida a seis dos 34 sectores nos que se dividiu Galicia). Sen embargo, como se recoñece no propio estudio (Vaamonde, 1998: 8), a falta de coordinación das distintas administracións implicadas non o permitiu.

## *2. Aspectos metodolóxicos*

No que se refire á metodoloxía, atopamos dúas constantes ó longo de tódolos traballos: por unha banda o predominio das técnicas cuantitativas sobre as cualitativas, e pola outra o estudio non só da lingua inicial, a competencia e os usos lingüísticos, senón tamén das actitudes cara ás dúas linguas en contacto.

Dentro da metodoloxía cuantitativa, a técnica de investigación elixida é a enquisa, utilizando o cuestionario como instrumento de recollida de información. As investigacións cuantitativas perseguen a contrastación empírica e a medición obxectiva dos fenómenos sociais,

---

<sup>16</sup> Ramallo e Rei Doval nunha obra previa (1995) adiantaron parte dos datos máis relevantes da súa investigación.

na busca de relacións causais e co obxectivo último de xeneralizar os resultados obtidos (Alvira, 1983: 54). Pero esta xeneralización só será posible se a mostra empregada no traballo de campo é representativa da poboación obxecto de estudio, razón pola cal o deseño da mesma (tamaño e tipo de mostraxe) resulta fundamental. Na gran maioría dos estudos que estamos a analizar este requisito cumprese satisfactoriamente. Só no Informe Foessa (1970) e en *La Cuestión regional española* (Del Campo, 1977) o erro mostral de cada rexión (lembremos que abranguen todo o Estado) supera o 5%, de xeito que estas investigacións unicamente poden garantir a representatividade da mostra do conxunto nacional. Polo tanto hai que tomar os datos “rexionais”, os que nos interesan neste artigo, con precaución. Por outra parte, debemos destacar que nos primeiros estudos realizados por lingüistas (ata o de López Muñoz, xa en 1989) non se ofrece ó lector a marxe de erro da mostra. Isto non significa que as mostras utilizadas carezan de representatividade, senón que pon de relevo simplemente a falta de tradición no emprego desta metodoloxía, o que non ocorre en cambio no caso dos sociólogos (primeira etapa), que contaban xa nesta época cunha longa experiencia en investigación empírica de tipo cuantitativo.

En canto ó deseño do cuestionario, atopámonos coa falta de coincidencia na formulación das preguntas, o que dificulta a comparación de resultados. Ademais, non podemos esquecer que a medición que obtemos a través das preguntas dun cuestionario pode agochar unha certa subxectividade, pois son os propios suxeitos estudados os que nos informan sobre si mesmos, os seus hábitos, actitudes, etc., razón pola cal esta técnica se denomina “autoinforme”. Resulta polo tanto moi difícil controlar se os informantes son sinceros co entrevistador e sobre todo consigo mesmos. Un individuo pode afirmar que posúe un coñecemento maior do real con respecto a unha lingua porque mantén unha actitude positiva cara a ela, ou ben ó contrario, un coñecemento menor porque ten unha actitude negativa. Tamén é posible que as autoavaliacións sexan inferiores á competencia real porque o “*ideal de lingua* é o estándar normativo (dominado pola formalidade)” (Rodríguez Neira, 1998: 33)<sup>17</sup>. En definitiva, as respos-

---

<sup>17</sup> No que se refire á medición da competencia lingüística, o único estudio que recorre á constatación directa, o mellor xeito de acadar resultados obxectivos, é o de Ramallo e Rei Doval (1997). Estes autores miden a destreza lectora pedíndolle ó informante que lea un manual de conxelación en galego e que explique o seu contido. Outros intentos de superar a posible subxectividade da autoavaliación son os de Rubal Rodríguez (1992a) e Rodríguez Neira (1998). No primeiro caso óptase por acceder ós usos e á competencia lingüística dos alumnos a través da información que sobre eles subministran os profesores, de xeito que os resultados xa non responden á autoavaliación, anque seguen estando suxeitos á subxectividade, neste caso dos mestres. No se-

tas ós cuestionarios poden estar revelando determinadas actitudes, o que non invalida en absoluto a técnica sempre que isto se teña en conta. Cando o cuestionario inclúe preguntas propiamente actitudinais os problemas aumentan, pois trátase dunha técnica directa na que o entrevistado “aware that his attitude is being assessed” (Fishbein e Ajzen, 1975: 89), polo que pode intentar responder o que considera socialmente aceptable, ou o que cre que o entrevistador espera oír. Aínda así, resulta o método máis cultivado na medición de actitudes, tanto polos psicólogos e sociólogos en xeral como polos sociolingüistas. Ímonos deter no tratamento que en Galicia se deu a este tema especialmente complexo. Antes de nada temos que sinalar como investigación innovadora neste terreo a de Rojo (1979), por dous motivos: porque é o primeiro traballo no que as actitudes lingüísticas constitúen o obxecto de estudio principal, e por ter en conta a teoría sobre as actitudes da Psicoloxía Social. En palabras do autor:

Los sociolingüistas y sociólogos del lenguaje han hecho intervenir las actitudes como una variable más en diversos intentos de comprensión y explicación de fenómenos lingüísticos diferentes en bastantes ocasiones (teniendo en cuenta, por supuesto, la juventud de sus disciplinas), pero no han sido muchos los trabajos centrados en las actitudes lingüísticas en sí mismas. Este carácter un tanto marginal tiene como consecuencia la desconexión de estos trabajos entre sí y de la mayor parte de ellos con respecto a la teoría general de las actitudes. (Rojo, 1979: 8).

A falta de relación entre estes dous ámbitos non é un problema exclusivo do caso galego. Colin Baker aínda o denuncia en 1992, o que demostra ata que grao resulta pioneiro o estudio de Rojo. En palabras de Baker (1992: 8):

The tendency of research of language attitudes (the Welsh research is an example) is to appear to ignore or be unaware of the strong tradition in social psychology that concerns the definition, structure and measurement of attitudes, the relationship of attitudes to external behaviour and the central topic of attitude change.

---

gundo (Rodríguez Neira, 1998: 33-34), para obter unha referencia máis obxectiva sobre a competencia lingüística recórrase á cualificación obtida na materia de lingua galega nos distintos niveis educativos (E.X.B., B.U.P., C.O.U. e F.P.), medida de tódolos xeitos algo demasiado relativa.

Na elaboración das preguntas actitudinais séguense habitualmente as escalas de actitude estándar<sup>18</sup>. Unha das máis utilizadas é a denominada Likert, á que recorren Monteagudo (1986), López Muñoz (1989), Ramallo e Rei Doval (1997), Bouzada e Lorenzo (1997) e mais o MSG (1996). Citamos a modo de exemplo un par de preguntas deste último traballo:

P. 84. ¿As asignaturas diferentes de lingua e literatura españolas deben explicarse en galego?

P. 74. ¿Que lle parece que a información deportiva ou os sucesos dos periódicos estean escritos en galego?

Sendo as posibilidades de resposta:

Totalmente de acordo / Bastante de acordo / Indiferente / Bastante en desacordo / Totalmente en desacordo / NS - NC.

Por outra parte, noutros dous estudos -Rubal e Rodríguez, 1987 e Rubal e outros, 1992- emprégase o diferencial semántico de Osgood. Nestoutro tipo, os informantes deben situar un obxecto dado nunha escala de adxectivos bipolares que representan distintas dimensións, como por exemplo.

-Utilidade (inútil / útil)

-Avaliación xeral (fea / bonita)

-Dificultade (doada / fácil)

No estudio de Rubal e Rodríguez (1987) utilízase como obxecto actitudinal a materia de galego, polo que quizais resulte demasiado arriscado estender os resultados á lingua galega ou ó uso desta. Ós alumnos pode non gustarlles a materia, polo profesor ou a dificultade dos exames, pero si a lingua galega. Na investigación de Rubal e outros (1992), en cambio, os autores empregan como referente da actitude dos alumnos non só estudar galego, senón tamén falalo.

Pasando ás técnicas de análise dos datos, a maioría das investigacións, sobre todo nas dúas primeiras etapas, non superan a análise bivariante, xa que o seu obxectivo é a simple descrición. Nalgún caso nin sequera se ofrecen cruzamentos, reducíndose esta fase a unha presentación de frecuencias. Na parte actitudinal do traballo de Monteagudo e outros (1986), por exemplo, os propios autores recoñecen esta limitación:

---

<sup>18</sup> Pode consultarse unha clasificación e descrición das mesmas en Fishbein e Ajzen, 1975 ou Eagly e Chaiken, 1993.



a análise estatística e informática que ofrecemos deste apartado é moi superficial, pois non presentamos nin os cruces entre distintas respostas ó cuestionario de actitudes, nin os cruces entre estas preguntas e algunhas das do cuestionario sociolingüístico. (Monteagudo, 1986: 97).

Neste sentido o MSG supón un importante avance metodolóxico, pois á parte do elevado tamaño da mostra (un total de 38.897 entrevistas) e a amplitude do cuestionario (148 preguntas), é o primeiro estudio que utiliza técnicas multivariáveis e paramétricas, como a análise da varianza (ANOVA)<sup>19</sup>. Posteriormente tamén Ramallo e Rei Doval (1997) aplican este tipo de probas.

Para finalizar comentaremos os primeiros intentos de aplicar técnicas cualitativas á comprensión da situación social da lingua galega. Desde o punto de vista metodolóxico, a sociolingüística herda a dicotomía existente nas ciencias sociais entre a perspectiva cuantitativa e a cualitativa, percorrendo ademais o mesmo camiño. Tras un claro predominio da primeira, xorde a necesidade de complementala mediante outras metodoloxías de tipo cualitativo. Segundo Cea d’Ancona (1998: 43), “con ello se trata de llenar los huecos descubiertos en el *paradigma cuantitativo*. Este muestra ahora ser insuficiente para cubrir todas las demandas explicativas que exige el análisis de la realidad social”. Pero isto non significa renunciar ás técnicas cuantitativas en favor das cualitativas. Como explica Ramallo (1999: 264), “el debate actual en las ciencias sociales propone la superación de esta vieja dicotomía, fomentando su integración y articulación para poder hacer frente de una manera más global a los nuevos desarrollos sociales”. Esta estratexia denomínase *triangulación* e defínese como a aplicación de diferentes metodoloxías na análise dunha mesma realidade social (Cea D’Ancona, 1998). Na sociolingüística galega contamos xa con dous estudos -Bouzada e Lorenzo, 1997 e Ramallo e Rei Doval, 1997- que combinan os dous tipos de técnicas e que abren o camiño

---

<sup>19</sup> Na escolla das técnicas estatísticas de contraste de hipóteses, hai que ter en conta o nivel de medida das variables que queremos explicar (as dependentes). Se son nominais só se poden aplicar probas non paramétricas, das que a máis habitual é o chi-cadrado. De feito, esta é a que emprega a maior parte dos estudos que recollemos neste artigo, aínda que na primeira etapa e na segunda en ningún caso se teñen en conta variables de control, único xeito de acadar o nivel explicativo con este tipo de variables (Sánchez Carrión, 1995: 285-290). No caso de que traballemos con variables ordinais podemos recorrer xa ás probas paramétricas, máis potentes (neste caso as escalas ordinais trátanse como se fosen de intervalos iguais, práctica totalmente xeneralizada na investigación social).

dun novo xeito de investigar en función do concepto de triangulación<sup>20</sup>. Ramallo e Rei Doval (1997) utilizan o cuestionario -técnica cuantitativa- para obter información xeneralizable ó conxunto dos consumidores, sobre as súas actitudes ante o uso do galego na publicidade. Dado que é a primeira vez que se recollen datos deste tipo, resulta necesario dispoñer dunha visión ampla e global da cuestión. Sen embargo, recorren á entrevista semidirixida -técnica cualitativa- para profundar no punto de vista dos axentes empresariais sobre o mesmo tema. Esta dobre perspectiva enriquece notablemente o traballo, aínda que atopamos a importante limitación de que as entrevistas non se someten a análise, ofrecéndose simplemente unha transcripción das mesmas. Por outra banda, Bouzada e Lorenzo (1997) combinan tamén o cuestionario coa entrevista en profundidade no seu estudio sobre os procesos de normalización nos ámbitos comunitarios e locais (estudio de caso do Concello de Moaña), así como nos sociolaborais. Neste caso, na parte cuantitativa os autores non poden garantir a representatividade da súa mostra, pois, segundo eles mesmos recoñecen, a diversificación metodolóxica impediulle por motivos presupostarios. A pesar de que os autores reivindicán a *imaxinación* no recurso ás ferramentas en detrimento do “respecto ó tabú estatístico” (Bouzada e Lorenzo, 1997: 118), na nosa opinión resulta contraproducente sacrificar o rigor metodolóxico de calquera dos dous tipos de técnicas -cuantitativas ou cualitativas-, aínda que sexa en prol da complementación de metodoloxías. Vemos, polo tanto, que a pesar de que se recoñece e reivindica a necesidade da triangulación, esta aínda resulta precaria na práctica. Esperamos que a partir destes primeiros intentos siga cultivándose na procura da súa madurez.

---

<sup>20</sup> Podemos citar como antecedente, xa na segunda etapa, o traballo de López Muñoz (1989), pois este autor, á parte do estudio cuantitativo, realiza unha serie de entrevistas persoais ós párrocos que empregaban o galego con normalidade na liturxia.

### 3. Resultados e conclusións máis relevantes

#### 3.1. Etapa previa á cooficialidade do galego e do español (Os anos 70)

Na primeira metade da década dos 70, últimos anos da dictadura, descubrimos que fronte a un alto uso do galego, as actitudes cara a esta lingua son moi negativas. O Informe Foessa (1970) demostra que é en Galicia onde as taxas das competencias e os usos orais son máis altos, seguida a pouca distancia de Baleares. Mentres que en Galicia o 96% das amas de casa son capaces de entender o galego e o 92% de falalo, en Cataluña, por exemplo, as porcentaxes redúcense ó 90% na competencia pasiva e ó 77% na activa. En cambio, é no galego e no catalán das I. Baleares onde se dá un maior índice de analfabetismo. Ademais, en claro contraste co anterior, as actitudes lingüísticas máis desfavorables xorden en Galicia, anque en xeral son bastante negativas en tódalas rexións. Como exemplo:

-Só o 49% das amas de casa galegas cre necesario que os seus fillos falen o galego, en contraste co alto 87% de Cataluña.

-Prefiren o “idioma vernáculo” para ser falado na radio e na televisión o 24% e o 26% respectivamente en Galicia, e o 38% e o 37% en Cataluña.

A única excepción á desfavorabilidade das actitudes en Galicia atopámola no grao de identificación galega (sentirse máis galega ou máis española), tan alto que ó propio autor do Informe lle resulta sorprendente: o 76% das amas de casa galegas prefire o xentilicio rexional.

Como variables independentes (explicativas), esta primeira investigación recorre ó tipo de hábitat (rural / urbano) e ó nivel de estudos e ingresos, insistindo especialmente na primeira:

- “La identificación regional [en Galicia] es, sobre todo, un fenómeno rural.” (p. 1263)

- “Los dos idiomas más rurales son el gallego y el vasco.” (p. 1266)

Para ilustralo cun par de exemplos, que poñen de relevo ademais a gran distancia que separa as actitudes cara ó galego do uso real desta lingua, proporcionamos as seguintes cifras:

-Porcentaxe de amas de casa galegofalantes (conducta autoavaliada):

hábitat rural → 96% / hábitat urbano → 74%

-Porcentaxe de amas de casa que prefiren usar o galego para falar (actitude):

hábitat rural → 52% / hábitat urbano → 14%

Neste momento histórico, polo tanto, comprobamos que o desprestixio da lingua propia está moi xeneralizado, pero a súa substitución polo español só resulta cuantitativamente importante nas cidades<sup>21</sup>. A falta de relación entre actitudes e conducta é tamén superior no hábitat urbano, con 60 puntos de diferenza, fronte ós 44 do rural.

O traballo de Ayestarán e De la Cueva (1974) volve insistir nas diferenzas lingüísticas provocadas polo tipo de hábitat, unha das variables explicativas con maior rendibilidade en Galicia, como se irá comprobando en tódolos estudos. Estes autores opoñen o núcleo do concello de Vigo, con 114.526 habitantes no censo de 1970, ó resto da provincia de Pontevedra, de xeito que naquel máis da metade das amas de casa é españolfalante (54%), e unha porcentaxe lixeiramente inferior (45%) aprendeu xa a falar nesta lingua. En cambio, no resto da provincia as cantidades invértense: a maioría das amas de casa (76%) emprega o galego como lingua habitual e un alto 84% é galegofalante inicial. Estes datos poñen de relevo ademais un certo grao de abandono lingüístico no caso do galego. Os autores cualifican a situación de “bilingüismo con diglosia”:

Son bilingües porque alternan el uso del gallego y del castellano. Son diglósicos porque emplean el gallego o el castellano, según la función que socialmente se atribuye a cada idioma.

E como conclusión denuncian, non sen certo pesimismo, que

en el conflicto lingüístico gallego de hoy juegan en contra del idioma gallego, claramente, tres de los cuatro agentes de socialización más importantes: la escuela, la iglesia, los medios de comunicación. Y como consecuencia está ya empezando a jugar en contra el cuarto y decisivo: la familia. (Ayestarán e De la Cueva, 1974: 10)

Aínda que as investigacións posteriores confirmarán o desenvolvemento deste proceso contrario ó galego, Ayestarán e De la Cueva (1974) non consideran outros procesos inversos, como o do aumento da concienciación lingüística, que tamén van xogar un papel importante. A súa investigación confirma desde unha perspectiva empírica as teorías expostas por Alonso Montero no seu *Informe -dramático- sobre*

---

<sup>21</sup> Non podemos esquecer de tódolos xeitos que estamos ante un grupo de po-boación homoxéneo en canto á profesión (amas de casa), aínda que nesta época a porcentaxe de mulleres que traballaban fóra da casa era reducida.

*la lengua gallega* (1973). Estas dúas obras resultan significativas do discurso derrotista dos últimos anos da dictadura, discurso que critica F. Rodríguez en 1976, denominando as súas teorías “teses da morte da língoa” (1976: 36). Nas súas palabras:

Non teñen pra nada en conta [Ayestarán e De la Cueva] as forzas de resistencia. Soamente se lle pasa revista ao que algúns ilustres intelectuáes galegos opinaron da língoa, pero non a fenómenos sociolóxicamente máis relevantes como o adianto no emprego púbrico do galego, o retroceso claro da diglosia a nivel cultural, etc... (Rodríguez, 1976: 31)

Máis adiante engade: “O proceso de resistencia, o troque de autitude, a carga potencial, non se ten en conta” (Rodríguez, 1976: 33).

De feito, nesta época ó mesmo tempo que asistimos a un aumento da extensión do español, tamén podemos comprobar como comezan a romperse as estruturas diglósicas e a diminuír o desprestixio que rodeara o galego durante séculos. Estes dous procesos de signo aparentemente contrario reflíctense tamén nos outros tres estudos da primeira etapa (1977), nos que por este motivo lemos interpretacións contradictorias.

Por unha parte, debido á relación do galego coas clases baixas, o hábitat rural e a xente maior, tanto del Campo como Castillo e Pérez Vilariño, na mesma liña que Ayestarán e De la Cueva, amósanse pesimistas con respecto ó futuro da nosa lingua:

- “nuestros datos sugieren que se está produciendo una progresiva pérdida de la práctica del gallego” (Del Campo e outros, 1977: 230).
- “el futuro de la lengua gallega en su propio país no es muy halagüeño” (Castillo e Pérez Vilariño, 1977: 289).

Ademais, no que se refire ós ámbitos de uso, Ruiz Fuentes, Castillo e Pérez Vilariño seguen definindo a situación como “diglósica”: galego para as circunstancias máis espontáneas e privadas, e español para as de tipo profesional ou institucional. Curiosamente, del Campo (1977: 228) sen embargo afirma que “la utilización del gallego tiene una manifestación prácticamente constante en los diferentes ámbitos sociales sobre los que preguntamos a los encuestados”. Se xa atopamos contradicións no referente ó uso, no que respecta ás actitudes resulta case imposible extraer conclusións. Ruiz Fuentes e Pérez Vilariño, coincidindo con F. Rodríguez, falan do comezo dun proceso de “revalorización” do galego, a través do papel que empeza a xogar a lingua como símbolo de identidade, así como da superación

dos tradicionais prexuízos asociados ó galego, “sobre todo el de su identificación con las clases bajas o su simbolismo de ‘incultura’” (Ruiz Fuentes e Pérez Vilariño, 1977: 61), cambios que virían propiciados pola nova liberalidade política, e que se traducirían nun aumento do uso do galego “en las zonas más urbanizadas y entre las personas más jóvenes (15-24 años) y más cultivadas” (Ruiz Fuentes e Pérez Vilariño, 1977: 65)<sup>22</sup>. Neste proceso basean as súas optimistas expectativas cara ó futuro. Pola súa parte, Castillo e Pérez Vilariño destacan que ó 75% dos escolares galegos lles gustaría moito ou bastante un programa de televisión en galego, presentando o tipo de hábitat como determinante, pois dáse unha diferenza de 30 puntos entre a cidade e a aldea (66% fronte ó 96%). En cambio, del Campo chega a cualificar as actitudes dos galegos como “marcadamente castellanizantes”<sup>23</sup>.

En realidade, a confusión que nos transmiten estas tres investigacións non é máis ca un síntoma de que estamos nunha época de transición en tódolos sentidos e non só política (os tres publicanse en 1977 despois da morte de Franco). Hai coincidencia no que respecta á ampla difusión do coñecemento e mesmo da práctica do galego. Como xa poñía de manifesto o informe Foessa, “en Galicia es donde hay un mayor porcentaje de encuestados que hablan el idioma propio (81,4%)” (del Campo, 1977: 227), pero debido á perda xeracional, os prognósticos máis pesimistas auguran unha progresiva substitución do galego polo español. No que se refire ás actitudes, as informacións contradictorias apuntan tamén a un próximo cambio, que neste caso parece tender, examinando tódolos datos no seu conxunto, a unha certa mellora. De tódolos xeitos, segue sendo máis baixo o índice de favorabilidade das actitudes có índice de uso real. Mentres que as actitudes son menos favorables que en Cataluña, por exemplo, o nivel de uso é maior en Galicia. Teremos que esperar polo tanto ós próximos estudos para comprobar se estes indicios de cambio acaban consolidándose.

### 3.2. *O galego no ensino*

---

<sup>22</sup> Os autores chegan a estas conclusións a través de dúas preguntas sobre ‘tendencias’: “Uso del gallego en relación al pasado (cinco años atrás) / Motivos por los que se cree que existe una tendencia creciente a su uso” (pregunta 56).

<sup>23</sup> As preguntas actitudinais que inclúe son: “Qué idioma cree Vd. que debería utilizarse en: anuncios publicitarios / documentos públicos / nombres de calles / nombres de comercios” (pregunta B.7 do cuestionario), respondendo a metade ou máis dos entrevistados ‘sólo castellano’.

Dado que o ámbito do ensino acaprou gran parte dos traballos, imos tratalo de xeito independente.

A primeira investigación trala Constitución Española (Rojo, 1979) analiza as posibilidades de implantación do galego no ensino desde a perspectiva do profesorado (profesores de E.X.B. de ensino público). Estamos ante un colectivo moi castelanizado, ata o punto de que se observa unha igualación lingüística a favor do castelán como consecuencia do estamento profesional, e independentemente da lingua inicial e do tipo de hábitat. Sen embargo e anque en principio resulte sorprendente, as conclusións son bastante esperanzadoras. En primeiro lugar, porque o alto grao de dominio do galego por parte dos profesores non supón ningún impedimento. Pero sobre todo porque as súas actitudes cara á lingua propia non son desfavorables. Ademais, a favorabilidade aumenta no sector máis novo, o que indica que efectivamente se está producindo esa mellora nas actitudes que apuntaban os últimos estudos da primeira etapa. De feito, a única variable sociolóxica que presenta índices de correlacións altos é a idade. Non inflúen en cambio nas actitudes variables como o sexo ou o tipo de hábitat, senón que os demais factores que aparecen conectados con elas son de tipo lingüístico (dominio subxectivo do galego e lingua habitual) ou ideolóxico (actitude cara á conversión do galego na lingua habitual de Galicia, variable que se interpreta como representativa da actitude xeral).

En resumo, a relación actitude-conducta comeza a cambiar de signo, de xeito que atopamos por primeira vez, polo menos no colectivo dos profesores, índices de favorabilidade actitudinal máis altos cós usos lingüísticos reais.

No que respecta ós alumnos (tamén no nivel de E.X.B.), o estudo de Monteagudo e outros (1986) demostra que as súas actitudes son “excelentes”. En palabras dos autores:

A enquisa das actitudes permite pensar que a situación subxectiva, é dicir, a estima que os galegos teñen pola súa lingua, a valoración da súa utilidade, a disposición a convertela nunha lingua de uso efectivo nos diversos ámbitos da vida, é *excelente*, coidamos que *moito mellor que hai só quince anos*, por poñer un prazo. (Monteagudo e outros, 1986: 97, a cursiva é nosa).

Sen embargo, este estudo denuncia a continua perda de galego-falantes, que contrasta coa gran favorabilidade das actitudes. Confírmase así a disociación entre actitude e conducta que albiscabamos xa na investigación anterior. Atopámonos coa situación contraria á que se daba a comezos dos 70 (Foessa, 1970): agora as actitudes son máis

favorables, pero o uso do galego é menor. Semella que ó mesmo tempo que mellorou a situación sociopolítica fíxoo tamén a sociolingüística, pero polo menos ata o momento só no relativo ó aspecto actitudinal, sen que se conseguise parar aínda o proceso de substitución do galego polo español. Segundo Monteagudo (1986) é demasiado pronto para percibir consecuencias neste sentido. Do que non hai dúbida é que esta mellora das actitudes permite pensar nunha importante recuperación da lingua propia, pois ofrece a situación adecuada para aplicar as medidas de normalización oportunas. De feito, unha das condicións necesarias para acadar éxito neste tipo de programas é a actitude favorable dos axentes implicados (Appel e Muysken, 1996: 99).

A través das seguintes investigacións (Rubal e Rodríguez, 1987; Rodríguez e López, 1988; Lorenzo e outros, 1997; Rodríguez Neira, 1998 e MSG 1994, 1995 e 1996) podemos valorar xa o grao de normalización acadado no ámbito escolar, de acordo coas normas legais existentes. Con respecto ó ensino, o título III da LNL establece, entre outras disposicións:

Art. 13. 1. Os nenos teñen dereito a recibi-lo primeiro ensino na súa lingua materna.

Art. 14. 3. As autoridades educativas da Comunidade Autónoma garantirán que ó remate dos ciclos en que o ensino do galego é obrigatorio, os alumnos coñezan este, nos seus niveis oral e escrito, en igualdade co castelán.

Art. 15. 2. O Goberno Galego e as autoridades universitarias arbitrarán as medidas oportunas para facer normal o uso do galego no ensino universitario.

Na práctica, en cambio, o estudio de Rubal e Rodríguez (1987) demostra que a porcentaxe dos profesores non universitarios que ensinan en galego é moi inferior á dos que deberían facelo, a pesar de que case a metade (49,7%) se considera capacitado para impartir as clases nesta lingua. Segundo estes autores (Rubal e Rodríguez, 1987: 60), “están alomenos vinte puntos por debaixo do que esixiría unha planificación educativa, xa non lingüística senón pedagoxicamente rigorosa”.

A porcentaxe dos que ensinan só ou maioritariamente en galego é:

No hábitat urbano → 22,3% / No hábitat rural → 37,6%

Por outra parte, mentres no castelán as competencias orais pasivas e activas dos alumnos non universitarios son altas en xeral, no galego, anque o nivel de comprensión oral é tamén alto (a porcentaxe dos que non o entenden non chega ó 5%), só algo menos da metade



manifesta en cambio ser capaz de falalo. En definitiva, a conclusión é obvia: “A realidade atopada dista moito da prevista na lexislación vixente” (Rubal e Rodríguez, 1987: 66).

O MSG, case dez anos máis tarde, ratifica estas conclusións. Segundo esta investigación a escola segue funcionando como axente castelanizante, frustrando as esperanzas que se puxeran nela. Polo de agora a única función que cumpriu foi a de aumentar as competencias escritas, superándose así o problema do analfabetismo en galego que denunciaban os primeiros estudos (Foessa, 1970, por exemplo).

Pasando xa ó nivel universitario, os dous estudos realizados na Universidade de Santiago (Rodríguez Neira e López Martínez, 1988 e Rodríguez Neira, 1998) permítennos contrastar a situación do galego en 1988 e 1998.

*Cadro 1: Lingua empregada polos profesores para explicar na clase*

	<i>Só galego</i>	<i>Maiorit. galego</i>	<i>Galego / Castelán</i>	<i>Maiorit. castelán</i>	<i>Só castelán</i>
<b>1988</b>	14%	3%	3%	18%	62%
<b>1998</b>	16%	3%		18%	63%

Ó comparar a lingua utilizada polos profesores na clase (cadro 1), os resultados son practicamente idénticos, o que pon de manifesto o escasísimo avance acadado neste período de dez anos<sup>24</sup>. Sen embargo, o reducido nivel de uso do galego segue contrastando coa favorabilidade máis ou menos xeral das actitudes, como podemos ver no cadro 2, no que presentamos o modelo lingüístico preferido polos profesores (incluímos tamén os de ensino básico e medio) e mais dos alumnos. Mentres o 80% e o 81% dos profesores universitarios utiliza o castelán de xeito exclusivo ou maioritario nas clases (cadro 1), ó pasar ás actitudes, só o 21% e o 12% prefire esta opción (cadro 2).

*Cadro 2: Modelo lingüístico preferido por profesores e alumnos*

	<i>Total ou maior. en galego</i>	<i>En galego e</i>	<i>Total ou maior. en castelán</i>

<sup>24</sup> No estudio de 1998 non se inclúe a opción intermedia, ‘Galego / Castelán’, categoría que de tódolos xeitos en 1988 non representa máis que un baixo 3%.

	<i>castelán</i>		
Profesores de ensino básico e medio - <b>1987</b>	37%	48%	15%
Profesores de universidade - <b>1988</b>	31%	48%	21%
Profesores de universidade - <b>1998</b>	31%	57%	12%
Alumnos de universidade - <b>1988</b>	29%	40%	31%
Alumnos de universidade - <b>1998</b>	39%	42%	19%

A mellora actitudinal que observamos xa nos profesores (diferencia de 9 puntos entre os dous traballos na opción máis favorable ó castelán), aumenta aínda máis no caso dos alumnos, nos que atopamos unha diferenza de 12 puntos na mesma categoría. De tódolos xeitos, a opción maioritaria é en tódolos casos a máis neutra: “en galego e castelán”. A pesar do positivas que resultan as actitudes, os autores amósanse bastante pesimistas con respecto ó futuro, pois segundo eles “o galego perde dunha xeración a outra arredor dunha cuarta parte de usuarios” (Rodríguez Neira e López, 1988: 209), e en cambio a regaleguización non chega ó 10%. Topamos de novo co problema de que as actitudes favorables non se reflicten nun aumento do uso, senón máis ben ó contrario, a perda de galegofalantes continúa, polo que estes estudos rompen coas optimistas expectativas dos primeiros da época democrática. Por outra parte, no que respecta ós inicios do proceso de normalización, o gran aumento da favorabilidade das actitudes é sen lugar a dúbidas un éxito, pero un éxito que hai que considerar como un primeiro paso e non como unha meta en si mesma. En 1998, por poñer só un exemplo, só arredor do 10% do alumnado usa o galego para tomar apuntamentos, redactar traballos, exames, etc., a pesar de que o 25% é galegofalante inicial e o 11% bilingüe (en total o 36% teñen o galego como lingua inicial). Sen embargo, con respecto á investigación anterior non só melloran as actitudes, senón tamén a competencia (+28,4 puntos), e o uso cos compañeiros (+12,1 puntos) (Rodríguez Neira, 1998: 196), datos que hai que ter moi en conta, pois apuntan a unha certa recuperación da lingua propia. No que respecta ós profesores, polo contrario, xa comprobamos que os cambios son mínimos (cadro 1), producíndose en consecuencia un claro estancamento do proceso normalizador neste colectivo.

### 3.3. Situación actual

Desde o punto de vista teórico, temos que salientar as primeiras críticas ó termo diglosia, o máis aplicado á nosa situación (véxase Ayestarán e De la Cueva, 1974; Ruiz Fuentes e Pérez Vilariño, 1977,

etc.). López Muñoz (1989: 15), chega á conclusión de que no remate dos anos 80 non resulta xa un termo moi rendible, pois “cando falamos de diglosia a partir de agora haberá que aclarar de qué diglosia falamos e qué contido conflictual lle supoñemos á situación descrita”. Na súa opinión, estamos ante unha situación sociolingüística de conflito na que se rompe a estabilidade diglósica, o que o leva precisamente a manter unha visión esperanzadora cara ó futuro, baseada na recuperación de espazos de uso do galego e, como consecuencia, na superación de certos prexuízos, proceso que xa apuntaban, moi acertadamente como demostra o paso do tempo, Ruiz Fuentes e Pérez Vilariño en 1977. Pero xunto a un “comportamento normalizador galego”, atopamos tamén o seu correlato castelán, de xeito que hai “un colectivo lingüisticamente asimilado, cada vez máis plural socioloxicamente, perfectamente instalado na lingua ‘impropia’ de Galicia” (López Muñoz, 1989: 19).

En definitiva, López Muñoz preséntanos xa os dous paradoxos do cambio sociolingüístico ó que estamos asistindo en Galicia. Dunha parte o “desfase entre sensibilidade e práctica consciente” (López Muñoz, 1989: 111): só un 13% dos párrocos que amosan actitudes favorables cara á normalización do galego na Igrexa utilizan esta lingua nas misas total ou parcialmente. Da outra, a mellora das actitudes ó mesmo tempo que diminúe o uso. En palabras de López Muñoz (1989: 111):

Efectivamente os seminaristas, e por extensión os cregos máis novos, estarían mentalmente preparados para pular polo uso normalizado e universal do galego en Galicia, pero de feito entre eles fálano menos do que o fan, en termos absolutos, os párrocos diglósicos da vella escola. Sen embargo non é menos certo -e isto é un argumento en senso contrario- que os seminaristas de hoxe falan máis o galego no seminario do que o falaban eses párrocos cando eran seminaristas cunha nula conciencia lingüística, padecendo unha explícita represión ó respecto.

Esta mesma descrición pensamos que pode estenderse ó conxunto da poboación galega.

Ademais, segundo os datos do CIS (1994), Galicia segue sendo a Comunidade que presenta índices máis altos nas competencias e usos orais. Fronte ó 88% dos galegos que se manifestan capaces de falar a lingua propia, esta porcentaxe redúcese ó 74% no caso de Cataluña. Con respecto ó uso, en Galicia fala a lingua propia o 56% da poboación, e en Cataluña o 50%. Hai que ter en conta en todo caso a alta porcentaxe de inmigrantes que hai en Cataluña e que nesta Co-

munidade o uso lingüístico está máis igualado en tódalas situacións. Por poñer só un exemplo, mentres en Cataluña o 67% dos que poden falar catalán utilizan esta lingua no seu traballo ou lugar de estudos, en Galicia só o 56% dos que son capaces de falar o galego recorren a esta lingua na mesma situación.

Aínda así, na nosa Comunidade os datos máis negativos son os que se refiren á ruptura do proceso de transmisión interxeracional, o que supón a perda de galegofalantes iniciais, con todo o que isto implica. De acordo con esta situación, o galego é a lingua máis usada cos pais, a parella e os amigos (en tódolos casos máis da metade da poboación e sempre con porcentaxes máis altas que en Cataluña), pero isto cambia totalmente no que respecta á lingua empregada cos fillos: só o 29% utiliza o galego, e o 21% as dúas linguas indistintamente (en Cataluña en cambio o 52% segue usando a lingua propia para dirixirse ós fillos) (CIS, 1994). De feito, a variable que máis incide na lingua inicial é a idade, ademais do hábitat de nacemento. Pasando xa ós datos do MSG, nos menores de 20 anos o 45,9% é españolfalante inicial, cantidade que ascende ata o 65% no hábitat urbano. Coa lingua habitual ocorre o mesmo, de xeito que o galego é a lingua predominante en tódolos grupos de idade, agás nos mozos de 16 a 25 anos: mentres neste grupo a porcentaxe de galegofalantes habituais (os que din falar só ou maioritariamente galego) é do 46,5%, nos maiores de 65 anos ascende ó 84,7%. De tódolos xeitos, a redución de uso do galego non implica a substitución lingüística total polo español, senón que habitualmente dá como resultado o bilingüismo. Outras variables que tamén introducen diferencias significativas nos usos lingüísticos son os estudos, o hábitat e a clase socioeconómica, as mesmas coas que traballaban as investigacións anteriores. Pero, sen lugar a dúbidas, as variables explicativas máis influentes son a idade e o hábitat. Baseándonos nos datos proporcionados polo MSG, imos comparar a presenza do galego nos distintos tipos de hábitat, utilizando como índice de medida a porcentaxe de galegofalantes habituais segundo o hábitat de residencia<sup>25</sup>:

---

<sup>25</sup> Os diferentes tipos de hábitat establécense en función do número de habitantes. De acordo con este criterio, o MSG distingue 8 tipos: -Urbano I → Máis de 125.000 habitantes (só as cidades de Vigo e A Coruña) / -Urbano II → De 40.000 ata 124.999 habitantes (as outras cinco cidades de Galicia: Ourense, Santiago, Lugo, Ferrol e Pontevedra, ordenadas polo seu número de habitantes de maior a menor) / -Periurbano → Núcleos pertencentes a concellos urbanos, pero distanciados da cabeceira / -Vila I → De 10.000 ata 39.999 habitantes / -Vila II → De 5.000 ata 9.999 habitantes / -Vila III → De 2.000 ata 4.999 habitantes / -Rural I → Menos de 2.000 habitantes, con características propias dos núcleos urbanos / Rural II → Menos de 2.000 habitantes, con asentamento disperso. De tódolos xeitos, na análise aplicada ós datos do conxunto de

- Galegofalantes habituais no rural → 87,2%
- Galegofalantes habituais nas vilas → 65,4%
- Galegofalantes habituais no urbano → 42,7%

Como podemos observar, hai máis de vinte puntos de diferenza ó pasar do rural ás vilas e destas ás cidades, de xeito que no hábitat rural os galegofalantes representan a maioría da poboación, mentres que no urbano non acadan nin sequera a metade (o uso do español por suposto diminúe en sentido contrario).

En palabras de Fishman (1979: 153), “los habitantes de la ciudad son más propensos al desplazamiento lingüístico”, polo que se converten en pioneiros dos procesos de substitución das linguas minorizadas (“language shift”). Segundo este autor, unha das causas do maior conservadurismo dos habitantes do campo reside no seu tradicional illamento. Pero en Galicia, na actualidade, o mundo rural está cada vez máis aberto a outros espacios debido ás súas relacións comerciais, de interacción e de comunicación, relacións que afectan inevitablemente ós seus habitantes (García Sanz, 1996: 379). Como sinala Ferrás:

A homoxeneidade social, o despoboamento, a emigración, o illamento e incomunicación, as economías familiares agrarias de subsistencia, etc., características propias das comunidades rurais tradicionais, tenden a desaparecer ou a difuminarse en favor dunha maior heteroxeneidade social, novo poboamento, inmigración, universalización do automóbil particular, mellora das comunicacións e multiplicación das economías familiares mixtas, nas novas comunidades rurais. (Ferrás, 1996: 393)

As consecuencias lingüísticas deste fenómeno de rexurdimento e modernización das zonas rurais, que comeza nos anos setenta e oitenta, aínda están por estudar, pero en todo caso resulta obvio que o mantemento do galego non se pode seguir baseando no tradicional afastamento deste tipo de hábitat<sup>26</sup>. A isto hai que engadir que as cidades constitúen puntos de referencia mesmo para os que non viven nelas, e que hoxe en día, polas mesmas razóns que acabamos de apun-

---

Galicia redúcense a tres categorías: urbano (que inclúe tamén o periurbano), vilas e rural. Por outra parte, a lingua habitual mídese a través da pregunta: “¿Que lingua fala? Só galego / Máis galego ca castelán / Máis castelán ca galego / Só castelán” (pregunta 14 do cuestionario), polo que se trata da “percepción que teñen os entrevistados acerca de cal é a súa lingua habitual, sen referirse a ningún ámbito específico nin a ningún interlocutor en concreto” (MSG 1995: 36).

<sup>26</sup> Este fenómeno, provocado, entre outros factores, pola tendencia cara á des-concentración demográfica e polo feito de que as cidades xa non ofrecen tantas posibilidades de emprego como antes, denomínase “suburbanización” nas áreas rurais próximas ós centros urbanos e “contraurbanización” nas máis afastadas (Ferrás, 1996).

tar, están en mellor disposición de exercer a súa influencia, por exemplo como difusoras dun modelo lingüístico de prestixio.

Á oposición urbano/rural hai que engadir a costeira/interior. En palabras de Rodríguez González (1979: 29):

En los análisis territoriales, económicos o sociales que se realizan sobre la comunidad gallega, se aprecia una coincidencia general entre todos los investigadores en considerar en la actualidad la existencia de 2 galicias. Una, formada por un eje urbano/rururbano litoral que desde El Ferrol llega a la frontera portuguesa, siguiendo el trazado de la Autopista del Atlántico. Y otra, la Galicia interior de marcado carácter rural, donde los espacios urbanos se reducen a las capitales provinciales interiores y a las villas cabeceras.

De feito, as diferencias entre estas “dúas Galicias” maniféstanse tamén no uso das dúas linguas en conflito na Comunidade. O MSG sinala: “os núcleos máis castelanizados atópanse concentrados na costa norte da Coruña e no oeste de Pontevedra (...). As provincias con maior número de galegofalantes habituais son Lugo e Ourense” (MSG 1995: 47).

Por último, no que se refire ás actitudes, “a característica máis destacada da *Actitude lingüística xeral* é a súa homoxeneidade: non existen diferencias actitudinais importantes entre os distintos grupos poboacionais que consideramos neste traballo” (MSG, 1996: 65). A variable que máis diferencias introduce é a idade, xunto coa lingua habitual. Recorrendo de novo ós datos do MSG (1996), a análise da varianza aplicada á “Actitude lingüística xeral” amosa que, das variables lingüísticas, a que explica máis cantidade de varianza é a lingua habitual (9,4%), seguida da competencia nas destrezas activas, mentres que das sociais, a única significativa é a idade (2,5%)<sup>27</sup>. Por conseguinte, neste estudio escóllese como modelo explicativo a combinación “formada pola lingua habitual, a competencia na escritura do galego e a idade, que dá conta do 20% da varianza” (MSG 1996: 68). Aínda así, a característica fundamental das actitudes cara ó galego é a súa homoxeneidade, pois, como pode verse a continuación, as diferencias entre os grupos non son moi altos. Ofrecemos só os datos dos cruzamentos coa idade e a lingua habitual (a primeira está intimamente relacionada coa competencia escrita):

---

<sup>27</sup> Esta variable, “Actitude lingüística xeral”, elaborouse mediante unha análise factorial e o cálculo de fiabilidade das variables que se pretendían incluír, todas cunha escala de 1 a 5. O valor 1 representa a actitude menos favorable para o galego e o 5 a máis favorable, quedando o 3 como un valor intermedio. Finalmente, foron dezaseis as variables agrupadas. O procedemento seguido pódese consultar no MSG III, capítulo 2.

- De 16 a 25 anos → 3.75
- De 26 a 40 anos → 3.70
- De 41 a 65 anos → 3.53
- Máis de 65 anos → 3.44
- Só castelán → 3.06
- Máis castelán → 3.47
- Máis galego → 3.64
- Só galego → 3.79

A maior diferenca atopámola nos grupos extremos en canto á lingua habitual, 0,73 puntos, mentres que nos dous grupos de idade máis afastados é tan só de 0.31 puntos. Sen embargo, en tódolos grupos de lingua habitual a actitude mellora lixeiramente a medida que descendemos na escala de idade (MSG 1996: 69, gráfico 3.2.1.). Estas diferenzas actitudinais en función da idade documentámolas por primeira vez en Galicia no estudio de Rojo (1979), e de xeito máis claro aínda no de Monteagudo e outros, xa no 1986. A partir de entón cada nova investigación confirmará a maior favorabilidade das actitudes na xente nova. A evolución das mesmas, polo tanto, é de signo positivo para o galego. De feito, a mellora das actitudes é relativamente recente, xa que nos primeiros traballos son moi negativas (véxase Foessa, 1970). En relación con este fenómeno, o MSG conclúe:

Probablemente o maior interese dos resultados das variables actitudinais resida no incremento da favorabilidade conforme diminúe a idade dos entrevistados. Se temos en conta que, segundo os datos presentados nos anteriores volumes [MSG I e II], existía unha perda interxeracional na transmisión e no uso do galego, este feito cobra maior relevancia, xa que reflicte unha diverxencia entre práctica e actitudes lingüísticas que debería ser atendida nas posibles accións planificadoras. (MSG III: 562)

### 3.4. *Recapitulación*

Hai tan só dous anos X. L. Regueira (1996: 67) manifestaba: “nestes momentos, o máis urxente é a intensificación dos estudos sociolingüísticos, tanto os que se refiren á planificación do corpus (...) coma á planificación do estatus”. Como acabamos de ver, esta demanda resultou atendida, pois os estudos sociolingüísticos son cada vez máis numerosos. A isto hai que engadir que nos últimos anos asistimos a unha ampliación dos ámbitos estudiaados, así como á introducción, aínda tímida, de novas técnicas. Sen embargo, os abundantes e ricos datos empíricos que estas investigacións proporcionan non acaban de aplicarse á elaboración dun programa de normalización lingüística. Neste sentido, subscribimos a denuncia de Bouzada e Lorenzo (1997: 17) con respecto á inexistencia en Galicia dunha “programación planificada de actuacións lingüísticas”. Segundo estes autores, non se pode definir “unha política lingüística normalizadora

desde as institucións públicas galegas” (Bouzada e Lorenzo, 1997: 17). Así mesmo, Mariño Paz (1998: 430), entre outros autores, reivindica

a posta en marcha dun plano de normalización lingüística global, non limitado ó mundo do ensino, con obxectivos e estratexias ben delimitadas no plano xeral e no concreto, pensados para o longo, o medio e o breve prazo e diferenciados de acordo coa idade, o hábitat de residencia ou as actitudes dos destinatarios.

### *Referencias bibliográficas*

#### *Estudios empíricos sobre a situación sociolingüística do galego*

- Ayestarán Aranz, Margarita e De la Cueva, Justo (1974): “Un análisis sociológico de la galleguidad y del conflicto lingüístico gallego”, in *Las familias de la provincia de Pontevedra en 1974. (Galleguidad y conflicto lingüístico gallego)*. Sevilla: Instituto de Ciencias de la Familia, 25-112 (primeira parte).
- Bouzada Fernández, Xan M. e Lorenzo Suárez, Anxo M. (1997): *O futuro da lingua. Elementos sociolingüísticos para un achegamento prospectivo da lingua galega*. Santiago: Consello da Cultura Galega.
- Campo del, Salustiano, Navarro, Manuel e Tenazos, José F. (1977): “Galicia”, in *La cuestión regional española*. Madrid: Edicusa, 226-237 (cap. 8.3).
- Castillo Castillo, José e Pérez Vilariño, José (1977): “La lengua y la enseñanza primaria”, in *La Reforma educativa y el cambio social en Galicia*. Santiago de Compostela: ICE, 277-334 (cap. VII).
- CIS (1994): *Conocimiento y uso de las lenguas en España*. Madrid: Centro de Investigaciones Sociológicas.
- Comisión Europea (1996): *Euromosaic. Producción y reproducción de los grupos lingüísticos minoritarios de la UE*. Luxemburgo: CECA-CE-CEEA.
- Foessa (1970): “La comunidad regional”, in *Informe sociológico sobre la situación social de España: 1970*. Madrid: Fundación Foessa Euramérica, 1261-1266 (cap. 18.6).
- IGE (1992): *Censo de poboación e vivendas 1991. Poboación en vivendas familiares. Coñecemento e uso do idioma galego*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- López Muñoz, Daniel (1989): *O idioma da Igrexa en Galicia*. Santiago: Consello da Cultura Galega.



- Lorenzo Suárez, Anxo, Luaces Pazos, Ricardo, Pin Millares, Xosé M<sup>a</sup>, Sánchez Bello, Patricio, Vaamonde Liste, Antonio e Varela Caruncho, Luz (1997): *Estudio sociolingüístico da Universidade de Vigo. Profesores, PAS e estudantes*. Vigo: Universidade de Vigo.
- Luaces Pazos, R. e outros (1992): *A lingua na Universidade de Vigo. Situación actual. Estudio estatístico*. Vigo.
- Monteagudo, Henrique, Novo Folgueira, Paulino, Costas González, Xosé H. e Rodríguez, Eloi (1986): *Aspectos sociolingüísticos do bilingüismo en Galicia segundo os alumnos da 2ª etapa de EXB*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Ramallo, Fernando F. e Rei Doval, Gabriel (1995): *Publicidade e lingua galega: os consumidores ante o uso do galego na comunicación publicitaria e nas relacións comerciais*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- (1997): *Vender en galego. Comunicación, empresa e lingua en Galicia*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Rodríguez Neira, Modesto A. (coord.) (1998): *O idioma na Universidade de Santiago*. Santiago de Compostela: Universidade.
- Rodríguez Neira, Modesto A. e López Martínez, M<sup>a</sup> Sol (1988): *O galego na Universidade*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Rojo, Guillermo (1979): *Aproximación a las actitudes lingüísticas del profesorado de E.G.B. en Galicia*. Santiago de Compostela: ICE-Universidad.
- Rubal Rodríguez, Xosé e Rodríguez Neira, Modesto A. (1987): *O galego no ensino público non universitario*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Rubal Rodríguez, Xosé, Veiga Martínez, Daniel e Arza Arza, Neves (1992a): *Aproximación á situación da lingua no ensino non universitario (preescolar e E.X.B.)*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- (1992b): *A lingua do alumnado e profesorado nas franxas occidentais de Asturias, León e Zamora*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Ruiz Fuentes, Rafael e Pérez Vilariño, José (1977): “Lengua y cultura gallegas”, “La educación en Galicia”, in *Vivir en Galicia*. Madrid: Felmar, 45-97.
- Seminario de Sociolingüística / RAG (1993): *Estudio sociolingüístico da comarca ferrolá: fase previa ó Mapa Sociolingüístico de Galicia*, Anexo 1 de *Cadernos de Lingua*. A Coruña: Real Academia Galega.

- (1994): *Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega.
- (1995): *Usos lingüísticos en Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega.
- (1996): *Actitudes lingüísticas en Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Vaamonte Liste, Antonio, Lorenzo Suárez, Anxo, Luaces Pazos, Ricardo, Sánchez Bello, Patricio e Varela Caruncho, Luz (1998): *Estudio sociolingüístico sobre a situación da lingua galega no Concello de Vigo*. Vigo: Concello de Vigo.
- Teses de doutoramento e licenciatura sobre a situación sociolingüística do galego (perspectiva empírica)*
- Fernández Rodríguez, Mauro (1984): *Conocimiento, uso y actitudes lingüísticas de los alumnos de E.G.B. del municipio de Santiago*. Tese de doutoramento, inédita. Univ. de Santiago de Compostela.
- Iglesias Álvarez, Ana (1998): *Actitudes lingüísticas dos emigrantes do rural no medio urbano*. Tese de licenciatura, inédita. Univ. de Santiago de Compostela.
- Lameiras Fernández, María (1994): *La medida de las actitudes lingüísticas en contextos bilingües mediante escalas Osgood-Stevens*. Tese de doutoramento, inédita. Univ. de Santiago de Compostela.
- Lorenzo Creo, José Ramón (1984): *El bilingüismo y su problemática educativa en Galicia. Valoración de las actitudes lingüísticas de los directores de los centros públicos de EGB*. Tese de licenciatura, inédita. Univ. de Santiago de Compostela.
- Lorenzo Suárez, Anxo (1999): *A reorganización dos repertorios verbais nas situacións de contacto: procesos funcionais e consecuencias formais no contacto galego-castelán*. Tese de doutoramento, inédita. Univ. Autònoma de Barcelona, Bellaterra.
- Noia Campos, M<sup>a</sup> Camiño (1980): *Descripción e medida do bilingüismo en dous grupos escolares da zona de Vigo*. Tese de doutoramento, inédita. Univ. de Santiago de Compostela.
- Recalde Fernández, Montserrat (1993): *Usos e actitudes sobre a gheada*. Tese de licenciatura, inédita. Univ. de Santiago de Compostela.
- Rodríguez Neira, Modesto A. (1985): *Aproximación sociológica al uso del gallego y del castellano en Lugo y su provincia, según*

*información de los escolares del ciclo superior de E.G.B. en los cursos 79-81*. Tese de doutoramento, inédita. Univ. de Santiago de Compostela.

Rubal Rodríguez, Xosé (1985): *Coordenadas e perfís sociolingüísticos do alumnado de Bacharelato en Galicia*. Tese de doutoramento, inédita. Univ. de Santiago de Compostela.

Varela Caruncho, M<sup>a</sup> Luz (1986): *Usos y actitudes lingüísticas de la población estudiantil de las Escuelas Universitarias de Vigo. Contribución para un estudio sociológico*. Tese de licenciatura, inédita. Univ. de Santiago de Compostela.

### *Outras referencias*

Alonso Montero, Xesús (1968): “Cinco calas en la problemática de la lengua gallega”, in *Realismo y conciencia crítica en la literatura gallega*. Madrid: Ciencia Nueva, 27-56.

— (1968): “Tres incisións na problemática do galego”, in *O porvir da lingua galega*. Lugo: Círculo de las Artes, 5-11.

— (1973): *Informe -dramático- sobre la lengua gallega*. Madrid: Akal.

Alvira Martín, Francisco (1983): “Perspectiva cualitativa / perspectiva cuantitativa en la metodología sociológica”, *Revista Internacional de Investigaciones Sociológicas* 22, 53-75.

Appel, René e Muysken, Pieter (1966 [1987]): *Bilingüismo y contacto de lenguas* (traducción de Lorenzo Suárez, A. M. e Bouzada Fernández, C. I.). Barcelona: Ariel.

Baker, Colin (1992): *Attitudes and language*. Clevedon: Multilingual Matters.

Baker, Colin e Prys Jones, Sylvia (1998): *Encyclopedia of bilingualism and bilingual education*. Clevedon: Multilingual Matters.

Cea D’Ancona, M<sup>a</sup> Ángeles (1996): *Metodología cuantitativa. Estrategias y técnicas de investigación social*. Madrid: Síntesis.

Cores Tasmonte, Baldomero (1987): *Dereito autonómico de Galicia*. Vigo: Xerais.

Eagly, A. H. e Chaiken, S. (1993): *The psychology of attitudes*. San Diego, CA: Harcourt Brace Jovanovich.

Fernández Pérez, Milagros (1994): “Teoría y aplicación. El estatuto de la planificación lingüística”, *Anuario de Lingüística Hispánica*, vol. 10, 63-101.

Fernández Rodríguez, Mauro (1993): “La lengua materna en los espacios urbanos gallegos”, *Plurilinguismes 6 [Sociolinguistique Galicienne]*, 27-53.

- (1996): “Los orígenes de la sociolingüística”, *II Jornadas de Lingüística*. Cádiz: Universidad de Cádiz, 105-132.
- Fernández Rodríguez, Mauro e Rodríguez Neira, Modesto (1998): “A relación entre competencia e uso do galego”, *Cadernos de Lingua* 17, 25-45.
- Ferrás Sexto, Carlos (1996): *Cambio rural na Europa Atlántica. Os casos de Irlanda e Galicia [1979-1990]*. Santiago de Compostela: Universidade.
- Fishbein, M. e Ajzen, I. (1975): *Belief, attitude, intention and behavior. An introduction to theory and research*. Reading, Ma: Addison-Wesley.
- Fishman, Joshua A. (1979 [1972]): *Sociología del lenguaje* (traducción de Sarmiento, R. e Moreno, J. C.). Madrid: Cátedra.
- García Ares, Maricarme (1996): “Os estudos sobre a situación do galego na Universidade de Santiago de Compostela. A propósito de *La llengua catalana a la Universitat de Rovira i Virgili*”, *Cadernos de Lingua* 14, 117-123.
- García Sanz, B. (1996): *La sociedad rural ante el siglo XXI*. Madrid: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación.
- Haugen, Einar (1953): *The Norwegian language in America*. Philadelphia: University of Pennsylvania Press.
- (1959): “Language planning in modern Norway”, *Anthropological Linguistics* 1/3, 8-21.
- ILGA (1996): *Guía bibliográfica de lingüística galega*. Vigo: Xerais.
- Lambert, Wallace E. (1981): “Un experimento canadiense sobre el desarrollo de competencia bilingüe. Programa de cambio de lengua hogar-escuela”, *Revista de Educación* 268, 167-177.
- Lameiras Fernández, María e González Lorenzo, Manuel (1996a): “Los usos lingüísticos en la comunidad gallega”, *Revista Galega de Psicopedagogía* 13 (Vol. 9), 161-178.
- Lameiras Fernández, María e González Lorenzo, Manuel (1996b): “Las actitudes lingüísticas en Galicia”, *Revista Galega de Psico-pedagogía* 13 (vol. 9), 179-192.
- Mariño Paz, Ramón (1998): *Historia da lingua galega*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- Monteagudo, Henrique (1997): “Quince anos de política lingüística en Galicia (1981-96). Notas para un balance”, *Grial* 136, 527-548.
- Monteagudo, Henrique e Santamarina, Antón (1993): “Galician and Castilian in contact: historical, social and linguistic aspects”, in Posner, R. e Green, J. N. (eds.): *Trends in Romance linguistics and philology*, vol. 5: *Bilingualism and linguistic conflict in Romance*. Berlín-New York: Mouton de Gruyter, 117-173.

- Piñeiro López, Ramón (1967): *A lingoaxe i as língoas. Discurso lido o día 25 de novembro de 1967 na súa recepción pública [na Real Academia Galega], por Don—, e resposta de Don Domingo García-Sabell*. Vigo: Galaxia.
- Ramallo, Fernando F. (1996): “La lengua inicial en Galicia: distribución y relaciones”, in Serra Alegre, E. e outros (eds.): *Panorama de la investigación lingüística a l’Estat Espanyol. Actas del I Congres de Lingüística General*. Valencia: Universitat de València, 100-109.
- (1999): “Informática y sociolingüística cuantitativa”, in Gómez Guinovart, Javier; Lorenzo Suárez, Anxo M.; Pérez Guerra, Javier e Álvarez Lugrís, Alberto (eds.) (1999), *Panorama de la investigación en lingüística informática*. Logroño: Revista Española de Lingüística Aplicada (Monográfico), 263-290.
- Recalde Fernández, Montserrat (1994): “Gheada e situación”, *Verba* 21, 339-367.
- (1995): “Unha aproximación ás actitudes e prexuízos cara á gheada (dos alumnos de 2º de BUP de catro centros galegos)”, *Cadernos de Lingua* 12, 5-32.
- Regueira, Xosé L. (1996): “Os estudos de lingüística galega”, in Ramón Lorenzo e Rosario Álvarez (coords.): *Homenaxe á profesora Pilar Vázquez Cuesta*. Santiago: Universidade, 47-67.
- Rodríguez, Francisco (1976): *Conflicto lingüístico e ideoloxía en Galicia*. Monforte: Xistral.
- Rodríguez González, Román (1997): *La urbanización del espacio rural en Galicia*. Barcelona: Oikos-tau.
- Sánchez Carrión, Juan Javier (1995): *Manual de análisis de datos*. Madrid: Alianza.
- Siguán, Miquel e Mackey, William F. (1986): *Educación y bilingüismo*. Madrid: Santillana/Unesco.
- Weinrich, Uriel (1974 [1953]): *Lenguas en contacto*. Venezuela: Universidad Central.